

Lembre que, ademais da mostra, debe incluír no paquete a **folla de datos para o envío de mostras** con toda a información necesaria para facilitar a diagnose.

Pode descargar a folla de datos de mostra na seguinte ligazón: <https://areiro.depo.gal/aviso-covid> ou ben solicitala no correo analitica.efa@depo.es

Unha vez completados estes requisitos, enviaranse as mostras, preferentemente mediante unha **empresa de paquetería**, a:

Estación Fitopatolóxica Areeiro

Subida á Carballeira, s/n

36153 Pontevedra (España)

Para máis información:

Teléfono: 986 804 100

Correo-e: analitica.efa@depo.es



Normas de recollida e envío de mostras para análises fitopatolóxicas e de artrópodos

Estación Fitopatolóxica Areeiro



POR FAVOR, LEA CON ATENCIÓN ESTAS NORMAS

Na actualidade os servizos fitopatolóxicos dispoñibles son:

- Diagnose fitopatolóxica: fungos, bacterias, fitoplasmas, nematodos e virus.
- Diagnose de artrópodos: insectos, ácaros e miriápodos.
- Diagnose de alteracións debidas a causas abióticas: problemas fisiolóxicos, climáticos etc.

Estas análises teñen un custo, tal e como está recollido no *Boletín Oficial da Provincia* <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2018/11/07/2018052206>

Para realizar un diagnóstico correcto a mostra deberá estar ben recollida e ser representativa.

Toma de mostras do cultivo

A continuación, establécense unha serie de normas xerais para a recollida e transporte de material vexetal, artrópodos, solos, substratos e turbas para a súa posterior análise:

Mostras vexetais

- As mostras teñen que ser representativas do problema observado no campo.
- É importante seleccionar os órganos ou partes da planta que mostren os síntomas característicos en diferentes estados ou graos de desenvolvemento da enfermidade.
- No caso de plantas pequenas ou de cultivos en invernadoiro recolleranse entre 3 e 5 plantas completas con cepellón e a terra adherida a el. Se se trata de árbores adultas ou plantacións establecidas recolleranse mostras de madeira, ramas, raíces, froitos (se procede) e solo (a unha profun-

didade de entre 20 e 40 cm). As mostras de madeira deben ter un diámetro de polo menos 5 cm.

- Débese revisar a presenza de calquera alteración visible na planta: lesións, bugallas, gretas, tumores, cancro etc. No caso de que se observen hai que tomar mostras destes.
- Se existisen cogomelos na base da árbore ou sobre o tronco recolleranse separadamente, e envolveranse en papel de xornal para trasladalos ao laboratorio.
- Procurarase non recoller as mostras despois dunha choiva ou dunha rega para evitar a descomposición durante o transporte. As mostras envolveranse en papel de xornal e introduciranse en bolsas de plástico.
- Cada mostra debe levar un código que a identifique e a diferencie doutras. Este débese incluír na folla de datos para o envío de mostras.
- É importante que o envío da mostra ao laboratorio sexa o máis rápido posible e nas mellores condicións, xa que o diagnóstico resulta practicamente imposible cando as mostras están murchas ou en avanzado estado de descomposición.

Mostras de solo, substratos, turba etc.

Recolleranse, aproximadamente, 2 kg de terra e introduciranse nunha bolsa plástica debidamente etiquetada cun código diferenciador. Recoméndase refugar os primeiros 10 cm de solo superficial e tomar a mostra a uns 20-40 cm de profundidade na zona próxima ás raíces da árbore. No caso de cultivos de céspede e praderías a profundidade de mostraxe recomendada é de 5 a 10 cm. Se se trata dun solo sen cultivar débese tomar a mostra en 10 puntos equidistantes repartidos pola superficie do terreo e mesturalos para formar a mostra de análise. No caso de sacos de turba ou substratos recolleranse tres submostras, que se mesturarán.

Mostras de artrópodos

Cando se sospeite de ataques de artrópodos, á marxe das recomendacións anteriores que sexan aplicables, existen dúas formas principais para a recollida e o envío das mostras:

- Xunto coa planta ou solo sobre o que se atopa: neste caso, recoller a mostra cos artrópodos e introducila en bolsas ou follas de papel e posteriormente nunha bolsa de plástico.
- Separadas da planta ou solo: neste caso introducirlo nun recipiente ríxido (vidro ou plástico) pero se o artrópodo está vivo, tamén convén engadir material vexetal ou substrato para que se alimente. Recoméndase incluír calquera estado de desenvolvemento e en número suficiente se é posible.

Se se tratase de bolboretas ou avelaíñas débense colocar dentro dun anaco de cartolina dobrada en forma de triángulo e, á súa vez, dentro dun recipiente pechado. Para evitar confusións, todas as mostras deben levar a correspondente identificación, que pode ser un número ou un nome coa súa equivalencia ou explicación na folla de envío de mostras.

Envío de mostras ao laboratorio

Planifique o seu envío ao laboratorio, de xeito que as mostras cheguen en días laborables e no menor tempo posible.

Ademais da mostra, no paquete débese incluír toda a información dispoñible que poida facilitar a diagnose. Para iso débese cubrir a **folla de datos para o envío de mostras**, na que se anotarán as características do dano da praga ou enfermidade, a forma en que se presentou ou como evolucionou no campo, a temperatura, a humidade relativa e as demais condicións de clima no lugar da plantación afectada, as características do chan, as prácticas de cultivo e os diferentes produtos fitosanitarios que se aplicasen.